

**Datos Do Expediente:**

|                                |            |
|--------------------------------|------------|
| XUNTA DE GOBERNO LOCAL         |            |
| Unidade Tramitadora:           |            |
| Organos de Goberno e Central - |            |
| Número expediente:             | Documento: |
| AYT/XGL/28/2020                | GOB14I0E6  |
| 376V1R4Q0E4Y3M2M144T           |            |
|                                |            |

## ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL VINTE

|   |  |
|---|--|
| <p><b>SRES/AS ASISTENTES:</b></p> <p><b><u>SRA ALCALDESA-PRESIDENTA:</u></b><br/>MARIÁN FERREIRO DÍAZ</p> <p><b><u>SRES/AS CONCELLEIROS/AS:</u></b><br/>D/D<sup>a</sup> GUILLERMO SANCHEZ FOJO<br/>D/D<sup>a</sup> MANUEL ANTONIO RAMOS RODRIGUEZ<br/>D/D<sup>a</sup> ROMAN ROMERO FRANCO<br/>D/D<sup>a</sup> MARIA DE LA MERCED TAIBO REY<br/>D/D<sup>a</sup> M.DEL MAR GOMEZ CASAL<br/>D/D<sup>a</sup> JOSE OREONA BRA<br/>D/D<sup>a</sup> JOSE DAVID PITA BREIJO</p> <p><b><u>SRA. INTERVENTORA XERAL:</u></b><br/>D/D<sup>a</sup> MARIA DEL PILAR CANZOBRE MÉNDEZ</p> <p><b><u>SR. SECRETARIO XERAL:</u></b><br/>D/D<sup>a</sup> ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI</p> | <p>Na casa do Concello de Narón, ás 11:15 do trinta de xullo de dous mil vinte, baixo a presidencia da Sra. A ALCALDESA-PRESIDENTA, MARIÁN FERREIRO DÍAZ, reúnese a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria. Asisten os/as corporativos/as que se sinalan á marxe.</p> <p>Actúa de secretario ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI, O SECRETARIO XERAL.</p> <p>Aberta a sesión de orde da presidencia adoptáronse os acordos seguintes:</p> |
|---|--|

### 1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Dada conta da acta da sesión anterior, a Xunta de Goberno Local deulle a súa aprobación.

### 2 .- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIÓNS AO PADROADO DE DEPORTES; APROBACIÓN DE MODELOS DE CANDIDATURA E PAPELETAS DE VOTACIÓN.

- Vista a proposta formulada que di así: O pasado 21 de xullo os membros da Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade, ditaminaron favorablemente por maioría, a proposta transcrita mais abaixo, co seguinte resultado na votación

Votos a favor: 6 (5 TEGA, 1 PSOE)

Votos en contra: 3 (3 Grupo PP)

Abstencións: 0

### “PROPOSTA PARA A COMISIÓN INFORMATIVA DE DESENVOLVEMENTO DA ACTIVIDADE SOCIAL E IGUALDADE:

**ASUNTO : APROBACIÓN DO CALENDARIO PARA A CELEBRACIÓN DE ELECCIONS PARA ELEXIR AOS REPRESENTANTES DE ENTIDADES DEPORTIVAS E ASOCIACIÓN DE PAIS E NAIS NO PADROADO DE DEPORTES E APROBACIÓN DOS MODELOS DE CANDIDATURA E PAPELETAS DE VOTACIÓN**

#### **A ) ANTECEDENTES**

O Concello Pleno en data 31 de outubro de 2019, adoptou entre outros, a proposta de aprobación Inicial dos ESTATUTOS DO PADROADO DE DEPORTES DO CONCELLO DE NARÓN.

O día 21 de xaneiro de 2020, o BOP da Coruña, publicou a aprobación definitiva de ditos Estatutos.

Igualmente o Concello Pleno, en data 27 de febreiro de 2020, aprobou o nomeamento como representantes do Padroado de Deportes aos concelleiros e concelleiras que formarán parte da Asemblea do Padroado de Deportes.

Con motivo da declaración do Estado de Alarma decretado o día 14 de marzo de 2020, pola crise sanitaria provocada polo COVID-19, non se puideron realizar as eleccións para elixir aos representantes dos clubs/e ou entidades deportivas das disciplinas federadas e do representante das Asociacións de Pais e nais de alumnos dos Colexios públicos de Narón.

Tal e como recollen os citados Estatutos, serán elixidos tres representantes das disciplinas deportivas federadas, distintas entre sí, elixidos polas mesmas, e que acrediten a súa inscrición actualizada e completa como entidade deportiva no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Narón o día do inicio da convocatoria e un representante das ANPAS dos colexios públicos sitos no Concello de Narón, que se elixirán entre sí.

As eleccións estará presididas polo presidente/a do Padroado coa presenza do secretario da Mesa, ou quen es estatutariamente deben substituílos.

Serán elixidos os candidatos que obteñan un maior número de votos por cada un dos grupos. O secretario/a do Padroado de Deportes levantará acta e certificará o resultado.

Para levar a cabo a elección de ditos representantes, é necesaria a aprobación dun calendario que fixe as datas dos diferentes procesos que deberán levarse a cabo, así como tamén os modelos de presentación de candidaturas e modelos de papeletas para a realización das votacións.

#### **B) CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- RD 2568/1986, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais
- Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 3/2012, de 2 de Abril do Deporte de Galicia.
- Estatutos do Padroado de Deportes do Concello de Narón, acordo Concello Pleno do día 21 de outubro de 2019.

Polo exposto anteriormente, e co fin de establecer un calendario, para a celebración das eleccións ao Padroado de Deportes, o Concelleiro de Deportes **PROPÓN** á Comisión Informativa de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade, a aprobación do calendario que segue a continuación, así como tamén a aprobación dos modelos de candidatura e papeletas de votación.

| <b>DATA</b>         | <b>PROCESO</b>                                      |
|---------------------|---|
| 21-setembro -2020   | DECRETO DA CONVOCATORIA POLA PRESIDENCIA            |
| 22-09-20 ó 06-10-20 | PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS                        |
| 07-10-2020          | PROCLAMACIÓN DE CANDIDATURAS                        |
| 07-10-20 ó 13-10-20 | COMUNICACIÓN DE CANDIDATURAS PROCLAMADAS.           |
| 14-10-2020          | CELEBRACIÓN DE ELECCIÓN: VOTO PERSOAL E ESCRUTINIO. |

#### **MODELO DE CANDIDATURA**

#### **CONVOCATORIA DE ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES**

2020

O Club: \_\_\_\_\_

presenta como candidato/a ás eleccións ó Padroado de Deportes a:

D: \_\_\_\_\_

con D.N.I. nº \_\_\_\_\_ e enderezo en: \_\_\_\_\_

Rúa: \_\_\_\_\_ nº: \_\_\_\_\_

para a súa representación.

Narón, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**O Presidente/a do Club**

Asdo.: \_\_\_\_\_

**NOTA.-** Coa candidatura acompañarase o certificado da Federación correspondente conforme o Club está Federado.

#### **MODELO DE PAPELETA DE VOTACIÓN**

**ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES**



2020

*(Sinalar cun "X" un máximo de 3 candidaturas e un mínimo de 1)*

|                          |       |       |
|--------------------------|-------|-------|
| <input type="checkbox"/> | Club: | _____ |
|                          | Nome: | _____ |

|                          |       |       |
|--------------------------|-------|-------|
| <input type="checkbox"/> | Club: | _____ |
|                          | Nome: | _____ |

|                          |       |       |
|--------------------------|-------|-------|
| <input type="checkbox"/> | Club: | _____ |
|                          | Nome: | _____ |

### MODELO DE CANDIDATURA

### CONVOCATORIA DE ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES (ANPAS)

2020

ANPA \_\_\_\_\_

presenta como candidato/a ás eleccións ó Padroado de Deportes a:

D: \_\_\_\_\_

con D.N.I. nº \_\_\_\_\_ e enderezo en: \_\_\_\_\_

Rúa: \_\_\_\_\_ nº: \_\_\_\_\_

para a súa representación.

Narón, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

*O Presidente/a do ANPA*

### MODELO DE PAPELETA DE VOTACIÓN

ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES

2020

*(Sinalar cun "X" un máximo de 3 candidaturas e un mínimo de 1)*

|                          |                      |       |
|--------------------------|----------------------|-------|
| <input type="checkbox"/> | ANPA:                | _____ |
|                          | Nome do presidente/a | _____ |

### MODELO DE SOBRE DE VOTACIÓN ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES

2020



ELECCIÓN Ó PADROADO DE DEPORTES

2020

“

A vista do ditamen dos membros da citada comisión informativa, o Concelleiro/delegado de Deportes por Resolución da Alcaldía, de data 25 de xuño de 2019. **PROPON A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

- **A aprobación da proposta transcrita, nos seus propios termos.**

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

**3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA MEMORIA ANUAL DE TESOURERÍA E RECADACIÓN DO EXERCIZO 2019 DO CONCELLO DE NARÓN.-** Vista a proposta formulada que di así: Logo de ver a memoria anual de tesourería e recadación do exercizo 2019 elaborada pola tesoureira municipal (TES14I0EP) que se incorpora como anexo á presente proposta así como o seu anexo 1.

Considerando que en virtude do réxime de delegación de competencias, correspóndelle á Xunta de Goberno Local a aprobación de dito documento, esta concellería eleva á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar a memoria anual de tesourería e recadación do exercizo 2019 do Concello de Narón.

#### **MEMORIA ANUAL DE TESOURERÍA E DE RECADACIÓN DO EXERCIZO 2019**

##### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS**

Aos efectos da súa estrutura, este documento vai a tratar de extractar as actuacións de xestión realizadas pola Tesourería Municipal, no período 2019, nos campos propios das funcións encomendadas pola normativa vixente á Tesourería. A estrutura do documento é a seguinte:

- I.- RECADACIÓN
- II.- TESOURERÍA
- III.- PRINCIPALES INDICADORES ECONÓMICOS EN TERMOS DE TESOURERÍA.
- IV.- PROPOSTAS E OBXETIVOS

##### **I.- RECADACIÓN**

|                   |
|-------------------|
| <b>RECADACIÓN</b> |
|-------------------|

##### **1.1 INFORMACIÓN SOBRE A XESTIÓN RECADATORIA DO EXERCIZO 2019**

A Ordenanza fiscal xeral nº 1 de xestión, inspección e recadación do Concello de Narón, nin tampouco as bases de execución do orzamento, contemplan a elaboración de memorias anuais de recadación como trámite de rendición de contas da xestión recadatoria aos órganos de goberno da Entidade, documento que permita coñecer o resultado íntegro da xestión recadatoria do Concello e facilite o seu control.

O Tribunal de Contas no seu informe de fiscalización á xestión recadatoria publicado o 24.11.2016 recomenda realizar contas de recadación ou informes sobre a xestión recadatoria dispoñendo que: *“Estas cuentas, si bien no son obligatorias, permiten informar sobre el desarrollo de la gestión recaudatoria, tanto en periodo voluntario como ejecutivo, y constituyen un elemento clave para su control”*.

*Las cuentas de recaudación deben contener información de todos los ingresos de la entidad. Es imprescindible la utilización de un sistema único en la gestión de los ingresos municipales que garantice la unidad de tratamiento, la transparencia y la integridad de la información y la gestión.”*

Acompáñase conta recadatoria extraída do programa de recadación municipal Spai Ingresos a través da utilidade correspondente. En relación coa mesma, cómpre realizar as seguintes matizacións e correccións aos efectos de xustificación dos saldos:

- O documento suministra a información por exercizo e concepto diferenciando entre cargos en voluntaria e executiva, aglutinando toda a información relativa a autoliquidacións, liquidacións e recibos.
- O importe dos cobros do recargo executivo así como dos xuros de mora reflíctense neses conceptos de modo separado e sen que dita información se inclúa xunto coa relativa ao cobro do principal da débeda.
- O concepto “SIN CARGO” está referido ás autoliquidacións.
- No caso dos ingresos relativos ás taxas por recollida de RSU, abastecemento de auga e sumidoiros ( nestes dous últimos casos trátase de recursos propios da empresa pública municipal COSMA), efectúase a incorporación mediante ficheiro informático ao programa de recadación das relacións de debedores presentadas pola empresa pública COSMA que logo son providenciadas pola Tesourería, polo que na conta recadatoria unicamente se detallan os cargos de executiva realizados no exercizo.
- No caso da taxa de RSU a información sobre a recadación recóllese unicamente na contabilidade municipal. En todo caso, faise unha remisión íntegra ao xa informado pola Intervención e Tesourería nos informes relativos ás contas de recadación presentadas pola empresa COSMA trimestralmente e que foron aprobadas ao longo do exercizo 2019.
- Existen incidencias e erros na conta recadatoria facilitada polo programa que afectan a liquidacións fraccionadas/aprazadas que serán explicadas pormenorizadamente en cada caso.
- Na conta recadatoria reflíctense información dos ingresos de dereito público ( tributarios e non tributarios) e de dereito privado que foron rexistrados no aplicativo de recadación.



Exposto o que antecede, e considerando que o documento suministrado polo aplicativo de recadación ten diversas incidencias e erros, é polo que considerouse oportuno elaborar (tomando como base a información extraída do aplicativo de recadación) documento que se acompaña en Anexo 1 onde se aglutina a información por concepto e exercizo e no que se reflicten as correccións que, a xuízo de quen suscribe, cómpre ter en conta sobre o documento extraído do programa de recadación Spai Ingresos.

Por elo, expóñense a continuación as incidencias e/ou erros que se aprecian no documento extraído do programa de recadación. Son as seguintes:

-Ingresos recargo executivo: os ingresos por este concepto ascenderon a un total de 4758,40 € o que supón que o principal de débedas cobrado en período executivo ascendeu a 95.168,00 €. O importe do recargo executivo non se reflicte xunto ao cobro do principal da débeda.

-Imposto sobre construcións, instalacións e obras. Non se observan incidencias na conta recadatoria, polo que non se realiza ningunha observación ao respecto.

-Taxa expedición documentos administrativos.

No detalle dos cargos en voluntaria do exercizo 2018, figura como importe inicial 87,70 € sendo o saldo final da conta do exercizo 2018 de 88,32 €, A diferenza, 0,62 euros correspóndese aos xuros do fraccionamento (cargo 2018000398001, M<sup>a</sup> J. A.G) cobrados mediante domiciliación bancaria o 20.12.2018 pero cuxa aplicación definitiva se produciu no 2019.

A conta reflicte como importe inicial no cargo executivo 2018000897001 o importe de 6,17 €, importe que se indicaba como correcto no informe relativo á conta recadatoria do 2018 (lémbrese que importe pendente era de 7,40 €).

-Taxa licenza apertura de establecementos.

Cargos en exectiva, exercizo 2018. O saldo final da conta recadatoria do 2018 reflectía un importe total pendente de 1558.14 €. O saldo inicial da conta/2019 importa 1468.41 €, a diferenza de 90,13 € correspóndese ao cargo 2018000897001, e afecta á fracción do mes de decembro de 2018, recadada o 20.12.2018 pero aplicado definitivamente o cobro no ano 2019.

Cargos en voluntaria, exercizo 2018. O saldo final da conta do 2018 reflectía 861,49 €. O saldo inicial da conta/2019 é de 689.19 €; a diferenza de 172,30 € correspóndese ao cargo 2018000398001, e afecta á fracción do mes de decembro de 2018, recadada o 20.12.2018 pero aplicado definitivamente o cobro no ano 2019.

-Taxa utilización instalacións deportivas.

Diferencias entre saldo final 2018/ saldo inicial 2019 de cargos en voluntaria, 2018:

| Cargo nº      | Saldo final cuenta 2018 | Saldo inicial cuenta 2019 |
|---------------|-------------------------|---------------------------|
| 2018000860001 | 28447,03 €              | 634,7 €                   |
| 2018000937001 | 27861,44 €              | 725,65 €                  |
| 2018000809001 | 9070,90 €               | 266,00 €                  |

As diferencias entre saldos iniciais / finais obedecen a que si ben os cobros das liquidacións se realizaron en 2018 (domiciliación bancaria) as aplicacións definitivas de ditos cobros non se realizaron ata o exercizo 2019.

Esta incidencia probablemente se trasladará aol ano 2020 en relación cos cargos do 2019 cobrados en dicho período pero en los que la aplicación definitiva del cobro no se realiza hasta el ejercicio siguiente.

-Taxa servizo sociocomunitario.

Diferencias entre saldo final 2018/ saldo inicial 2019 de cargos en voluntaria, 2018:

| Cargo nº      | Saldo final cuenta 2018 | Saldo inicial cuenta 2019 |
|---------------|-------------------------|---------------------------|
| 2018000931001 | 3431,15 €               | 32,60 €                   |
| 2018000932001 | 929,10 €                | 65,20 €                   |

As diferencias entre saldos iniciais / finais obedecen a que si ben os cobros das liquidacións se realizaron en 2018 (domiciliación bancaria) as aplicacións definitivas de ditos cobros non se realizaron ata o exercizo 2019.

Esta incidencia probablemente se trasladará aol ano 2020 en relación cos cargos do 2019 cobrados en dicho período pero en los que la aplicación definitiva del cobro no se realiza hasta el ejercicio siguiente.

-Taxa servizo axuda no fogar.

Diferencias entre saldo final 2018/ saldo inicial 2019 de cargos en voluntaria, 2018:

| Cargo nº | Saldo final cuenta 2018 | Saldo inicial cuenta 2019 |
|----------|-------------------------|---------------------------|
|----------|-------------------------|---------------------------|

|               |            |          |
|---------------|------------|----------|
|               |            |          |
| 2018000859001 | 19059.04 € | 181.90 € |
| 2018000935001 | 18464.97 € | 265,21 € |
| 2018000936001 | 24,62 €    | 0,00 €   |
| 2018000854001 | 30,78 €    | 0,00 €   |

As diferencias entre saldos iniciais / finais obedecen a que si ben os cobros das liquidacións se realizaron en 2018 ( domiciliación bancaria) as aplicacións definitivas de ditos cobros non se realizaron ata o exercizo 2019.

Esta incidencia probablemente se trasladará aol ano 2020 en relación cos cargos do 2019 cobrados en dicho periodo pero en los que la aplicación definitiva del cobro no se realiza hasta el ejercicio siguiente.

-Taxa tenencia animais perigosos, compañía. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Taxa licenza urbanística. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Taxa celebración matrimonios civís. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Taxa servizos de emerxencia.

Diferencias entre saldo final 2018/ saldo inicial 2019 de cargos en voluntaria , 2018:

|               |                         |                           |
|---------------|-------------------------|---------------------------|
| Cargo nº      | Saldo final cuenta 2018 | Saldo inicial cuenta 2019 |
| 2018000410001 | 591.04 €                | 453.9 €                   |

A diferencia (137.14 €) entre saldos iniciais / finais veñen provocadas polas fraccións do mes de decembro cuxo cobro se produciu o ( domiciliación bancaria ) o 20.12.2018 pero a aplicación definitiva de dito cobro non se realizou ata o exercizo 2019.

-Taxa retirada vehículos vía pública. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación

-Taxa ocupación solo, subsolo e voo empresas sumministración. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Taxa aproveitamento especial do dominio público local. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Prezo público servizos máquina fotocopiadora. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Prezo público limpeza e desinfección vehículos gando. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Ingresos canóns concesións demaniais. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Ingresos pola execución de avais. Non se observan incidencias na conta recadatoria polo que non se realiza ningunha observación.

-Ingresos de natureza privada: reposición danos causados bens dominio público. Non se observan incidencias na conta recadatoria, polo que non se realiza ningunha observación.

-Ingresos por xuros de mora.

Cargos en voluntaria, exercizo 2017. Os datos que figuran na conta recadatoria do programa de recadación son:

| Cargo nº      | Imp. Inicial  | Imp. Emitido | Cobros       | Bajas       | Pase Ejec.  | Imp. Pendiente |
|---------------|---------------|--------------|--------------|-------------|-------------|----------------|
| 2017000840001 | 151,58        | 0,00         | 75,79        | 0,00        | 0,00        | 75,79          |
| <b>Total</b>  | <b>151,58</b> | <b>0,00</b>  | <b>75,79</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>75,79</b>   |

Os datos correctos a reflectir serían:

| Cargo nº      | Imp. Inicial | Imp. Emitido | Cobros       | Bajas       | Pase Ejec.  | Imp. Pendiente |
|---------------|--------------|--------------|--------------|-------------|-------------|----------------|
| 2017000840001 | 75,79        | 0,00         | 75,79        | 0,00        | 0,00        | 0,00           |
| <b>Total</b>  | <b>75,79</b> | <b>0,00</b>  | <b>75,79</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b> | <b>0,00</b>    |

O aplicativo de recadación non fai unha trasposición adecuada da información que afecta ás liquidacións obxeto de fraccionamento/aprazamento tanto no que se refire ao principal das débedas como no tocante aos xuros. A información que se reproduce nesta segunda táboa é a que resulta trala comprobación individual da información de cada un dos cargos.

Cargos en voluntaria, exercizo 2018. Os datos que figuran na conta recadatoria son:



| Cargo nº      | Imp. Inicial  | Imp. Emitido | Cobros        | Bajas       | Pase Ejec.  | Imp. Pendiente |
|---------------|---------------|--------------|---------------|-------------|-------------|----------------|
| 2018000084001 | 134.86        | 0.00         | 67.33         | 0           | 0.00        | 67.33          |
| 2018000135001 | 28.46         | 0.00         | 14.23         | 0.00        | 0.00        | 14.23          |
| 2018000268001 | 202.54        | 0.00         | 0.00          | 0.00        | 0.00        | 202.54         |
| 2018000398001 | 45.76         | 0.00         | 22.88         | 0.00        | 0.00        | 22.88          |
| 2018000492001 | 60.96         | 0.00         | 27.45         | 0.00        | 0.00        | 33.51          |
| 2018000538001 | 14.32         | 0.00         | 7.16          | 0.00        | 0.00        | 7,16           |
| 2018000547001 | 45.46         | 0.00         | 22.73         | 0.00        | 0.00        | 22.73          |
| 2018000717001 | 9.56          | 0.00         | 4.78          | 0.00        | 0.00        | 4.78           |
| 2018000730001 | 100.28        | 0.00         | 50.14         | 0.00        | 0.00        | 50.14          |
| 2018000764001 | 10.04         | 0.00         | 5.02          | 0.00        | 0.00        | 5.02           |
| 2018000785001 | 288.24        | 0.00         | 94.89         | 0.00        | 0.00        | 193.35         |
| 2018000872001 | 5.82          | 0.00         | 2.91          | 0.00        | 0.00        | 2.91           |
| <b>Total</b>  | <b>946.10</b> | <b>0.00</b>  | <b>319.52</b> | <b>0.00</b> | <b>0.00</b> | <b>626.58</b>  |

Os datos correctos a reflectir serían:

| Cargo nº      | Imp. Inicial  | Imp. Emitido | Cobros       | Bajas       | Pase Ejec.    | Imp. Pendiente |
|---------------|---------------|--------------|--------------|-------------|---------------|----------------|
| 2018000084001 | 67.33         | 0.00         | 67.33        | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000135001 | 14.23         | 0.00         | 14.23        | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000268001 | 101.27        | 0.00         | 0.00         | 0.00        | 101.27        | 0.00           |
| 2018000398001 | 22.88         | 0.00         | 22.88        | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000492001 | 30.48         | 0.00         | 27.45        | 0.00        | 3.03          | 0.00           |
| 2018000538001 | 7.16          | 0.00         | 7.16         | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000547001 | 22.73         | 0.00         | 22.73        | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000717001 | 4.78          | 0.00         | 4.78         | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000730001 | 50.14         | 0.00         | 50.14        | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000764001 | 5.02          | 0.00         | 5.02         | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| 2018000785001 | 144.12        | 0.00         | 94.89        | 0.00        | 0.00          | 49.23          |
| 2018000872001 | 2.91          | 0.00         | 2.91         | 0.00        | 0.00          | 0.00           |
| <b>Total</b>  | <b>473,05</b> | <b>0.00</b>  | <b>67.33</b> | <b>0.00</b> | <b>104.30</b> | <b>49,23</b>   |

O aplicativo de recadación non fai unha trasposición adecuada da información que afecta ás liquidacións obxecto de fraccionamento/aprazamento tanto no que se refire ao principal das débedas como no tocante aos xuros. A información que se reproduce nesta segunda táboa é a que resulta trala comprobación individual da información de cada un dos cargos.

-Imposto sobre incremento de valor de terrenos de natureza urbana.

Cargos en executiva, exercizo 2013

Na conta recadatoria figura como importe inicial e pendente final de 2.287,17 € cando o correcto sería que a conta non reflectise información sobre ditos cargos ( 2014000231001 e 2015000161001) ao tratarse de débedas providenciadas nos anos 2014 e 2015. Esta incidencia xa foi posta de manifesto na conta anterior, comunicada ao soporte do aplicativo de recadación sen que se atope resolta no día de hoxe.

Cargos en voluntaria, exercizo 2017.

Existe unha diferenza de 374,49 € entre o saldo final 2018 (8713.33 €) e o saldo inicial da conta 2019 (8338.84 €). Esta diferenza afecta ao cargo 2017000840001 no que existen liquidacións fraccionadas. A diferenza correspóndendese á fracción do mes de decembro de 2018, cobrada por domiciliación bancaria o 20.12.2018 pero cuxa aplicación definitiva dos cobros se produciu no ano 2019.

Cargos en voluntaria, exercizo 2018

En relación cos cargos que se indican de seguido, a conta recadatoria reflecte os seguintes datos ( e que afectan a liquidacións aprazadas/fraccionadas):

| Cargo nº      | Imp. Inicial | Imp. Emitido | Cobros   | Bajas | Pase Ejec. | Imp. Pendiente |
|---------------|--------------|--------------|----------|-------|------------|----------------|
| 2018000268001 | 3544.84      | 0.00         | 0.00     | 0.00  | 0.00       | 3544.84        |
| 2018000492001 | 1284.45      | 0.00         | 1.177.39 | 0.00  | 0.00       | 107.06         |

Os datos correctos serían:

| Cargo nº      | Imp. Inicial | Imp. Emitido | Cobros   | Bajas | Pase Ejec. | Imp. Pendiente |
|---------------|--------------|--------------|----------|-------|------------|----------------|
| 2018000268001 | 3544.84      | 0.00         | 0.00     | 0.00  | 3544,84    | 0.00           |
| 2018000492001 | 1284.45      | 0.00         | 1.177.39 | 0.00  | 107.06     | 0.00           |

Ademais do anterior, cómpre indicar que existe unha diferenza de 3.363.07 € entre o saldo final 2018 (79830.09 €) e o saldo inicial da conta 2019 = 76467.02. Esta diferenza afecta aos cargos nos que existen liquidacións fraccionadas e nas que a fracción/prazo do mes de decembro cobrada por domiciliación o 20.12.2018 non foi aplicada definitivamente ata o exercicio 2019.

Os cargos afectados por estas diferencias son: 2018000084001;2018000135001;2018000492001;2018000538001;2018000547001;2018000486001;2018000730001. Finalmente, na conta 2019 non se reflicte información do cargo 2018000987001 cun saldo final de 825,40 euros.

-Ingresos por venda de papel cartón, vidro, etc. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Ingresos relativos a sancións. Non se observan incidencias na conta recadatoria.polo que non se realiza ningunha observación.

-Ingresos relativos á taxa de saneamento e abastecemento de auga.

Nestes casos, trátase dun recurso da empresa pública COSMA polo que unicamente se reflicte na conta recadatoria as débedas que constaban nas relacións de debedores facilitadas pola empresa que foron incorporadas mediante ficheiro informático elaborado pola empresa ao programa de recadación para poder, desde esta Tesourería, elaborar a providencia de prema e preparar o ficheiro a remitir á Deputación Provincial de A Coruña conforme a estrutura requerida. Nestos casos, todas as liquidacións figuran co estado "50" o cal se traslada á conta recadatoria como "Imp. Pendiente".

-Ingresos relativos á taxa de RSU.

No caso deste concepto, e ao igual que ocorre coas taxas de abastecemento e saneamento de auga, os datos que obran na conta recadatoria facilitada polo aplicativo Spai Ingresos son unicamente os das liquidacións contidas nas relacións de debedores confeccionadas pola empresa COSMA que son, posteriormente, providenciadas pola Tesourería municipal ou ben obxecto de extinción por compensación ou pago.

En todo caso, cómpre dicir que ditas liquidacións providenciadas no ano 2019 (e que se corresponden aos exercizos 2018 e 1º e 2º trimestre/2019) foron obxecto de anulación e baixa en contas en 2019.

A información sobre a recadación desta taxa figura na contabilidade.

Tal e como se manifestou nos parágrafos anteriores, acompáñase como Anexo 1, resumo integrado por concepto de ingreso e exercizo da recadación en periodo voluntario e executivo realizada no ano 2019; Anexo que foi confeccionado por quen suscribe tomando como referencia a conta recadatoria extraída do programa de recadación e incorporando as modificacións que resultaba pertinente realizar en cada caso, tal e como foi explicado de modo pormenorizado para cada un dos conceptos de ingreso.

No Anexo 1 incorpórase para cada un dos conceptos de ingreso, cálculos das porcentaxes de recadación en periodo voluntario e executivo, así como das baixas e do importe pendiente en voluntaria e executiva.

|   | %<br>COBRO<br>VOL.<br>LIQ. | %<br>BAIXAS<br>VOLUN<br>T | %<br>PASE<br>A<br>EXEC<br>UTIVA | % PTE.<br>VOLUN<br>T. | %<br>COBRO<br>VOL.<br>AUTOL<br>IQ. | %<br>BAIXA<br>S<br>AUTOL<br>IQ. | % PTE.<br>VOLU<br>NT.<br>AUTOL<br>IQ. | %<br>COBR<br>OS<br>EXECU<br>T. | %<br>BAIXAS<br>EXECUT. | %<br>PTES.<br>EXECU<br>T. |
|---|----------------------------|---------------------------|---------------------------------|-----------------------|------------------------------------|---------------------------------|---------------------------------------|--------------------------------|------------------------|---------------------------|
| IMPOSTO<br>CONSTRUCCI<br>ONS,<br>INSTALAC.<br>OBRAS   | 84,08<br>%                 | 2,40%                     | 1,57%                           | 11,95%                | 76,54%                             | 20,17%                          | 3,29%                                 | 2,19%                          | 97,81%                 | 0,00%                     |
| TAXA<br>EXPEDICIÓ<br>N<br>DOCUMENTO<br>S              | 93,10<br>%                 | 0,00%                     | 1,33%                           | 5,57%                 | 97,33%                             | 2,67%                           | 0,00%                                 | 48,18%                         | 51,82%                 | 0,00%                     |
| TAXA<br>LICENZA<br>APERTURA<br>ESTABECE<br>MENTOS     | 11,84<br>%                 | 71,79%                    | 5,97%                           | 10,40%                | 80,48%                             | 19,52%                          | 0,00%                                 | 75,48%                         | 24,52%                 | 0,00%                     |
| TAXA<br>INSTALACIÓ<br>NS<br>DEPORTIVAS                | 86,07<br>%                 | 0,44%                     | 2,66%                           | 10,82%                | 96,19%                             | 3,81%                           | 0,00%                                 | 23,92%                         | 76,08%                 | 0,00%                     |
| TAXA<br>SERVIZO<br>SOCIOCOMU<br>NITARIA               | 96,92<br>%                 | 0,09%                     | 2,16%                           | 0,83%                 | 100,00%                            | 0,00%                           | 0,00%                                 | 9,24%                          | 90,76%                 | 0,00%                     |
| TAXA<br>SERVIZO<br>AXUDA NO<br>FOGAR                  | 98,00<br>%                 | 0,00%                     | 1,75%                           | 0,25%                 | 0,00%                              | 0,00%                           | 0,00%                                 | 0,00%                          | 100,00%                | 0,00%                     |
| TAXA<br>TENENCIA<br>ANIMAIS<br>PERIGOSOS,<br>COMPAÑÍA | 43,65<br>%                 | 4,12%                     | 49,41%                          | 2,83%                 | 0,00%                              | 0,00%                           | 0,00%                                 | 47,62%                         | 52,38%                 | 0,00%                     |
| TAXA<br>LICENZA<br>URBANISTIC                         | 56,56<br>%                 | 23,45%                    | 11,21%                          | 8,78%                 | 87,07%                             | 12,93%                          | 0,00%                                 | 37,66%                         | 62,34%                 | 0,00%                     |





|  |         |        |         |        |         |         |       |         |         |        |
|--|---------|--------|---------|--------|---------|---------|-------|---------|---------|--------|
| A  |         |        |         |        |         |         |       |         |         |        |
| TAXA CELEBRACIÓN MATRIMONIOS CIVÍS                           | 0,00%   | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%  | 100,00% | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| TAXA SERVIZO EMERXENCIAS                                     | 45,92%  | 4,91%  | 13,46%  | 35,71% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 13,71%  | 86,29%  | 0,00%  |
| TAXA RETIRADA VEHÍCULOS VÍA PÚBLICA                          | 0,00%   | 0,00%  | 100,00% | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 100,00% | 0,00%  |
| TAXA OCUPACIÓN SOLO, SUBSOLO E VOO EMPRESAS SUMINSITRACIONES | 93,91%  | 0,00%  | 5,48%   | 0,60%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 98,27%  | 1,73%   | 0,00%  |
| TAXA APROVEITAMENTO DOMINIO PÚBLICO LOCAL                    | 54,10%  | 0,53%  | 42,37%  | 3,00%  | 0,00%   | 100,00% | 0,00% | 17,70%  | 82,30%  | 0,00%  |
| OUTROS INGRESOS: EXECUCIÓN DE AVAIS                          | 100,00% | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| PREZO PÚBLICO SERVIZOS MÁQUINA FOTOCOPIADORA                 | 100,00% | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| P. PUB. LIMPEZA E DESINFECCIÓN GANDO                         | 0,00%   | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%  | 100,00% | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| INGRESOS CANONS CONCESIÓN DEMANIAIS                          | 98,26%  | 0,00%  | 0,00%   | 1,74%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 100,00% | 0,00%   | 0,00%  |
| INGRESOS Dº PRIVADO: "AMAÑO BEIRARRÚAS"                      | 52,25%  | 17,78% | 0,00%   | 29,96% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| XUROS MORA   | 13,81%  | 0,00%  | 19,00%  | 67,19% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 2,91%   | 97,09%  | 0,00%  |
| IIVTNU   | 71,24%  | 3,71%  | 8,72%   | 16,33% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 6,73%   | 93,27%  | 0,00%  |
| INGRESOS: VENDA PAPEL CARTÓN, PILAS, VIDRO...                | 70,28%  | 0,00%  | 0,15%   | 29,56% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| INGRESOS RECARGO EXTEMPORÁNEO                                | 100,00% | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 0,00%   | 0,00%  |
| INGRESO SANCIONÉS  | 0,00%   | 6,94%  | 22,22%  | 70,84% | 100,00% | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 68,75%  | 31,25% |
| XUROS MORA   | 0,00%   | 0,00%  | 100,00% | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%   | 0,00% | 0,00%   | 100,00% | 0,00%  |

**LII-RECADACIÓN VOLUNTARIA**

Segundo o programa de recadación municipal Spai Ingresos , durante o exercizo 2018 o detalle dos cargos BRUTOS aprobados ( e nos que se inclúen tanto liquidacións directas como recibos) ascenderon a un total de 3.161.630,24 € resultando a seguinte información:

|  | 2019 (€)     | % QUE REPRESENTA SOBRE CARGOS | 2018 (€)     | % VARIACIÓN 2019/2018 |
|--|--------------|-------------------------------|--------------|-----------------------|
| <b>TOTAL CARGOS EMITIDOS EN VOLUNTARIA</b> | 3.161.630,24 |                               | 3.113.714,39 |                       |
| <b>TOTAL COBROS</b>                        | 2.564.889,48 | 81,12%                        | 2.716.363,49 |                       |
| <b>TOTAL BAIXAS</b>                        | 316412,88    | 10,00%                        | 69.231,32    |                       |
| <b>TOTAL PASE A EXECUTIVA</b>              | 204.177,72   | 6,51%                         | 294.818,37   |                       |
| <b>TOTAL PENDENTE</b>                      | 75.150,16    | 2,37%                         | 33.933,46    |                       |

Acompáñanse gráficos comparativos de ámbos exercizos, no que se reflicte a variación producida:



#### A) LIQUIDACIONES DE COBRO PERIÓDICO



Segundo o programa de recadación municipal Spai Ingresos e a información contida na contabilidade municipal ( no caso da taxa pola recollida de RSU), en período voluntario e durante o exercicio 2019 puxéronse ao cobro liquidacións de cobro periódico por un importe total de 3.543.793,13 €, dos que se recadaron en período voluntario e ata o 31/12/2019 un total de 3.316.664,18 €, o que supuxo unha porcentaxe de recadación global do 93,61 %.

En canto á xestión recadatoria do periodo voluntario, decir que, cando os recibos están domiciliados, envíase á entidade bancaria un ficheiro electrónico para que proceda ao cargo nas contas dos contribuíntes polo procedemento establecido no caderno 19. Indicar que, actualmente, as entidades financeiras están admitindo devolucións de recibos dentro das 8 semanas nos termos que prevé a Lei 16/2009, de Servizos de pago, sen aplicar, polo tanto, a consulta vinculante da Dirección General de Tributos nº 935/2010, de modo que o ingreso de dita recadación non se fai efectivo ata que transcorre dito periodo de 8 semanas. Pola Tesourería, elabórase proposta de aplicación definitiva destes ingresos unha vez transcurrido dito periodo.

En canto aos recibos non domiciliados son enviados aos contribuíntes por correo ordinario con indicación dos prazos nos que poden efectuar o pagamento nas entidades colaboradoras na recadación. Estes recibos permiten realizar o pago da débeda unha vez superado o periodo voluntario, aplicándose o recargo do periodo executivo do 5%.

Ademais, comezouse a realizar no ano 2019 o envío de cartas de pago aos contribuíntes naqueles casos en que os recibos domiciliados foron obxecto de devolución. Con esta medida conseguiuase unha recuperación do 40% dos ingresos.

O seguinte cadro resume os importes dos principais liquidacións de tributos de cobro periódico segundo o calendario do contribuínte aprobado para o dito exercicio:

| Concepto  | Importe Padróns   | Baixas        | Recadado voluntaria | Suspendido | % recadación voluntaria |
|---|-------------------|---------------|---------------------|------------|-------------------------|
| Taxa utilización instalacións deportivas  | 348917,61         | 218,1         | 340562,16           | 0          | 97,67%                  |
| Taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar   | 263190,44         | 0             | 260727,99           | 0          | 99,06%                  |
| Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local (terrazas)  | 31283,94          | 0             | 17768,66            | 0          | 56,80%                  |
| Taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local (caixeiros) | 3078,09           | 0             | 2052,06             | 0          | 66,67%                  |
| Taxa pola prestación de servizos do servizo sociocomunitario                                    | 44270,8           | 40,75         | 43684,00            | 0          | 98,77%                  |
| Taxa ocupación dominio público feirón Santa Icíá  | 1278,42           | 0             | 995,28              | 0          | 77,85%                  |
| Taxa pola recollida de refugallos sólidos urbanos ( incluídos padróns                           | 2851773,83        | 366,59        | 2650874,03          | 0          | 92,97%                  |
| <b>TOTAL</b>  | <b>3543793,13</b> | <b>625,44</b> | <b>3316664,18</b>   | <b>0</b>   | <b>93,61%</b>           |

Manifestar que, aínda que non poden extraerse as porcentaxes de domiciliación do programa de recadación, sí é posible afirmar ( coa excepción da taxa por recollida de RSU) que actualmente existe unha importante porcentaxe de domiciliación bancaria que redunda, positivamente, na porcentaxe de cobros en voluntaria.

O cobro das liquidacións de cobro periódico realizouse conforme ao seguinte calendario fiscal do contribuínte aprobado para 2019.

A marxe do descrito, debemos facer as seguintes propostas, co fin de mellorar o servizo que se lles ofrece aos contribuíntes e as porcentaxes recadatorias do concello:

- A revisión dos padróns de entradas de vehículos e vaos e terrazas : considérase preciso efectuar unha revisión destes padróns co fin de actualizalos e dar a alta a aqueles contribuíntes que realicen o feito impoñible e evitar o fraude.
- A revisión do padrón da taxa por recollida de lixo: como consecuencia da remisión das liquidacións á Deputación Provincial de A Coruña para a súa recadación polo procedemento de prema, remítense dende o ente provincial


múltiples propostas de baixas debido erros na determinación dos NIF dos contribuíntes e enderezos, determinación como suxeito pasivo na liquidación do contribuínte ( inquilinos) en vez do sustituto do contribuínte, etc. Estes erros provocan unha menor recadación por este concepto ao estar inadecuadamente identificados os suxeitos pasivos. Deberían tramitarse os oportunos expedientes de comprobación limitada comparando o padrón desta taxa coa información catastral coa finalidade de dar a alta naqueles supostos nos que se estea a producir o feito impositivo e modificar os erros que se poidan detectar.

#### Resumo:

A continuación inclúese estadística ( segundo datos suministrados polo programa de recadación ) cos datos totais da recadación voluntaria correspondente á xestión recadatoria realizada en relación coas liquidacións de cobro periódico referida aos cinco últimos exercizos:

| EXERCIZO | IMPORTE RECADADO |
|----------|------------------|
| 2015     | 184.824,96 €     |
| 2016     | 198.547,99 €     |
| 2017     | 562.177,30 €     |
| 2018     | 746.145,81 €     |
| 2019     | 665.790,15 €     |

Acompáñase gráfico informativo:



Nota: non se inclúe na táboa anterior a información relativa á taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. En relación con esta taxa, danse por reproducidas as consideracións realizadas en todos e cada un dos informes realizados con ocasión das contas trimestrais presentadas pola empresa e que, por razóns de economía, non son novamente reproducidas.


En todo caso, cómpre advertir tal e como se indicou na memoria do exercizo 2018, que as diferencias sustanciais no tocante aos importes recadados en cada un dos exercizos, ven xustificadas, en boa medida, pola ausencia ( nos exercizos 2015 e 2016) de utilización do programa para a xestión e recadación de algúns dos tributos municipais, a destacar, a taxa pola utilización de instalacións deportivas, cuestión esta última sobre a que a Tesourería e Intervención municipais xa se pronunciaron en anteriores informes.

#### B) LIQUIDACIÓNS DE INGRESO DIRECTO

Segundo os datos suministrados polo programa de recadación Spai Ingresos, os datos totais da recadación voluntaria correspondente á xestión recadatoria realizada en relación coas liquidacións directas referida aos cinco últimos exercizos é a seguinte:

| EXERCIZO | IMPORTE RECADADO VOLUNTARIA | Nº LIQUIDACIÓNS |
|----------|-----------------------------|-----------------|
| 2015     | 806.253,89 €                | 499             |
| 2016     | 723.703,38 €                | 836             |
| 2017     | 1.228.928,60 €              | 873             |
| 2018     | 1.422.893,10 €              | 755             |
| 2019     | 1.724.255,25 €              | 2059            |

Acompáñase , de seguido, un gráfico informativo:




Reitérase novamente o o xa manifestado por quen suscribe na memoria anual do 2018, e considerando a importancia da notificación neste ámbito, que resultaría conveniente dictar instrucións co fin de delimitar e precisar o procedemento a seguir para realizar as notificacións, posto que se está a detectar certas incidencias e erros no momento en que os expedientes son revisados pola Tesourería con carácter previo a preparación das providencias de prema.

**C) AUTOLIQUIDACIÓNS**

Segundo os datos suministrados polo programa de recadación Spai Ingresos, os datos totais da recadación voluntaria correspondente á xestión recadatoria realizada en relación coas autoliquidacións referida aos cinco últimos exercizos é a seguinte:

| EXERCIZO | IMPORTE RECADADO | Nº AUTOLIQUIDACIÓNS |
|----------|------------------|---------------------|
| 2015     | 416.631,60 €     | 2017                |
| 2016     | 322.853,88 €     | 1727                |
| 2017     | 247.975,73 €     | 2609                |
| 2018     | 352.785,81 €     | 3146                |
| 2019     | 318.064,53 €     | 4279                |



**LI. RECADACIÓN EXECUTIVA**

O importe total do principal e recargos recadado en período executivo no exercicio 2019, segundo a conta de recadación extraída do programa Spai Ingresos , ascendeu á cantidade de 95.168,00 €.

Indicar que toda a xestión recadatoria realizada neste período é soportada no programa Spai Ingresos, aplicación na que se rexistran os ingresos que son xestionados en voluntaria polo concello e á que se incorporan aquelas outras débedas ( auga, saneamento e lixo) que son xestionadas pola empresa pública COSMA a través dun ficheiro informático confeccionado pola mesma e que contén a relación das débedas que logo son obxeto de providencia de prema pola Tesourería.

Durante o exercizo 2019, a Tesourería municipal dictou providencias de prema por valor de 439.068,12 €, segundo o seguinte detalle:

| Nº PROV. | DATA       | CONCEPTO                                      | IMPORTE   |
|----------|------------|---|-----------|
| 1/2019   | 26/02/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                         | 2.282,75  |
| 2/2019   | 27/02/2019 | ENTRADA DE VEHÍCULOS                          | 107,08    |
| 3/2019   | 27/02/2019 | OUCP. TERREO C/ MAT CONST                     | 1.108,78  |
| 4/2019   | 27/02/2019 | AUTORIZ. POSTOS/BARRACAS                      | 51,48     |
| 5/2019   | 28/02/2019 | MULTAS E SANCIONS MUNIC.                      | 2.000,00  |
| 6/2019   | 28/02/2019 | TAXA LZA APERTURA ESTABLEC                    | 865,11    |
| 7/2019   | 28/02/2019 | IMP. INCR. V. TERREOS URBÁNS                  | 3.779,90  |
| 8/2019   | 28/02/2019 | IMP. INCR. V. TERREOS URBÁNS                  | 1.336,46  |
| 9/2019   | 28/02/2019 | XUROS DE DEMORA                               | 25,26     |
| 10/2019  | 01/03/2019 | I. C. I. O                                    | 7,60      |
| 11/2019  | 01/03/2019 | TAXA LZA URBANÍSTICA                          | 662,20    |
| 12/2019  | 11/03/2019 | TAXA EXPED. DOCUMENTOS                        | 122,45    |
| 13/2019  | 12/04/2019 | IMP. INCR. V. TERREOS URBÁNS                  | 41.481,42 |
| 14/2019  | 12/04/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                         | 10.433,36 |
| 15/2019  | 12/04/2019 | MULTAS E SANCIONS MUNIC.                      | 8.500,99  |
| 16/2019  | 12/04/2019 | ENTRADA DE VEHÍCULOS                          | 540,39    |
| 17/2019  | 12/04/2019 | OCUPAC VIA PUB. MESAS/SILLAS                  | 1.908,84  |
| 18/2019  | 12/04/2019 | OCUPAC TERREO C/MAT CONS                      | 1.031,21  |
| 19/2019  | 12/04/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                         | 961,02    |
| 20/2019  | 12/04/2019 | UTILIZACIÓN PISCINAS                          | 1.420,66  |
| 21/2019  | 12/04/2019 | OCUPAC VIA PUB. MESAS/SILLAS                  | 10.524,57 |
| 22/2019  | 12/04/2019 | I. C. I. O                                    | 20.335,78 |
| 23/2019  | 12/04/2019 | TAXA LZA URBANÍSTICA                          | 2.760,14  |
| 24/2019  | 12/04/2019 | TAXA EXPED. DOCUMENTOS                        | 13,55     |
| 25/2019  | 12/04/2019 | TAXA LZA APERTURA ESTABLEC                    | 602,75    |
| 26/2019  | 08/05/2019 | TAXA LZA APERTURA ESTABLEC. RECARGO EXECUTIVO | 43,26     |
| 27/2019  | 08/05/2019 | I.C.I.O<br>EXECUTIVO RECARGO                  | 189,00    |
| 28/2019  | 08/05/2019 | TAXA EXPED. DOCUMENTOS                        | 7,40      |
| 29/2019  | 18/06/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                         | 1.371,08  |
| 30/2019  | 18/06/2019 | UTILIZACIÓN PISCINAS                          | 3.548,86  |
| 31/2019  | 18/06/2019 | AUTORIZ. POSTOS/BARRACAS                      | 111,54    |
| 32/2019  | 18/06/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                         | 4.173,38  |
| 33/2019  | 18/06/2019 | IMP. INCR. V. TERREOS URBÁNS                  | 9.121,52  |
| 34/2019  | 18/06/2019 | XUROS DE DEMORA                               | 76,01     |
| 35/2019  | 18/06/2019 | AUTORIZ. POSTOS/BARRACAS                      | 25,74     |
| 36/2019  | 31/07/2019 | LIXO_2018                                     | 89.082,14 |



|              |            |  |                   |
|--------------|------------|--|-------------------|
| 37/2019      | 31/07/2019 | AGUA DOMEST_2018                           | 25.964,48         |
| 38/2019      | 31/07/2019 | AGUA INDUST_2018                           | 2.979,25          |
| 39/2019      | 31/07/2019 | SANEAMIENTO_2018                           | 43.841,50         |
| 40/2019      | 07/11/2019 | IMP. INCR. V. TERREOS URBÁNS               | 14.919,41         |
| 41/2019      | 07/11/2019 | MULTAS E SANCIONS MUNIC.                   | 1.200,00          |
| 42/2019      | 07/11/2019 | UTILIZACIÓN PISCINAS                       | 59,30             |
| 43/2019      | 07/11/2019 | OCUPAC TERREO C/MAT CONS                   | 132,40            |
| 44/2019      | 07/11/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                      | 5.915,51          |
| 45/2019      | 07/11/2019 | XUROS DE DEMORA                            | 54,27             |
| 46/2019      | 07/11/2019 | TAXA RETIRADA VEHÍCULOS                    | 39,24             |
| 47/2019      | 07/11/2019 | I.C.IO                                     | 2.485,24          |
| 48/2019      | 07/11/2019 | TAXA EXPED. DOCUMENTOS                     | 7,40              |
| 49/2019      | 07/11/2019 | TAXA LZA URBANÍSTICA                       | 484,39            |
| 50/2019      | 07/11/2019 | TAXA LZA APERTURA ESTABLEC                 | 71,53             |
| 51/2019      | 07/11/2019 | ENTRADA DE VEHÍCULOS                       | 205,44            |
| 52/2019      | 20/11/2019 | OCUPACIÓN TERREO C/MAT.CONST.              | 342,01            |
| 53/2019      | 20/11/2019 | OUTRAS TAXAS E EXACC.                      | 1.526,91          |
| 54/2019      | 20/11/2019 | UTILIZACIÓN PISCINAS                       | 3.171,40          |
| 55/2019      | 21/11/2019 | OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS | 10.440,16         |
| 56/2019      | 11/12/2019 | TAXA SANEAMIENTO 1º-2º TR/2019             | 31.250,45         |
| 57/2019      | 11/12/2019 | TAXA LIXO 1º, 2º TR/2019                   | 51.184,60         |
| 58/2019      | 11/12/2019 | TAXA AUGA (DOMESTICO) 1º,2º TR/2019        | 17.284,21         |
| 59/2019      | 11/12/2019 | TAXA AUGA (INDUSTRIAL) 1º,2º TR/2019       | 4.895,34          |
| <b>TOTAL</b> |            |  | <b>439.068,12</b> |

Cabe destacar o seguinte no tocante á recadación en período executivo os seguintes feitos:

- A tramitación sistemática, a iniciativa da Tesourería, de expedientes de compensación de oficio en período executivo. O número de expedientes de compensación resoltos no ano 2019 foron de 26, resultando o importe dos créditos compensados de 9.666,83 €.
- Pola Deputación Provincial de A Coruña remítíronse propostas de anulación de liquidacións en vía executiva ao terse detectado numerosos erros na identificación dos debedores (non constancia de nome e apelidos ou do NIF, etc), polo que se propuxo a anulación das liquidacións correspondentes ao Servizo de Xestión Tributaria, procedéndose, á anulación das providencias de prema, no seu caso.
- A tramitación, xunto coa Intervención, de expedientes de anulación e data de valores que obraban na recadación executiva ( coa conseguinte depuración de saldos na contabilidade municipal) como consecuencia da remisión das providencias de prema dictadas pola Tesourería á Deputación Provincial de A Coruña aos efectos de que, conforme ao réxime de delegación de competencias, se continuase o procedemento de prema e proposta de anulación e baixa de valores de escasa contía por un total de 357.599,24 €. O expediente de AUPAC asociado é o TES/59/2019.
- A tramitación de expedientes de anulación e baixa de autoliquidacións que figuraban pendentes na recadación por un total de 30.228,80 € (Expediente de AUPAC TES/30/2019).
- Recadación taxa RSU. Do exame das contas recadatoria presentadas periódicamente pola empresa COSMA, resultan que efectuáronse pagos de débedas polos contribuíntes fóra do período voluntario. En todo caso, esta cuestión ten incidencia, en maior medida, nas liquidacións de cobro periódico por recibo aínda que, nalgún dos casos, tamén afecta ás liquidacións/autoliquidacións.  
Considerando que, conforme ás previsións contidas no contrato, o contratista está obrigado a presentar anualmente unha relación de debedores ( na que se incluírían as débedas impagadas dos catro padróns trimestrais do ano natural), esto posibilita que ata o momento en que dita relación é confeccionada e entregada á Tesourería, os contribuíntes poidan satisfacer as débedas e elo aínda cando se atope finalizado o período voluntario. O contrato non contempla nin prevé

ningún procedemento para trasladar ao Servizo de recadación municipal a información relativa aos pagos realizados fóra do período voluntario e nas que se atoparía pendente de pago o recargo executivo do 5%. Dita información sí pode extraerse da propia conta recadatoria na que se detallan a información para cada contribuínte. En todo caso, esta falta de integración entre as aplicación informática da empresa e a aplicación de recadación do Concello, impide que se comparta información esencial para a aplicación e control do recargo do 5% do período executivo.

Actualmente, e tendo en conta o réxime de delegación de competencias na Deputación Provincial de A Coruña, a Tesourería encárgase de controlar a aplicación dos recargos do período executivo (5%) dende a data en que teñen entrada as débedas no Concello (momento no cal son incorporadas ao programa de recadación), pero sen que exista posibilidade, pola ausencia de medios materiais e persoais, de efectuar o seu control con carácter previo.

Debe lembrarse que a recadación configúrase no Estatuto Básico do Empregado Público como unha función pública necesaria en todas as corporacións locais, que queda reservada a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional. Esta función, tal e como se indicou polo propio Tribunal de Cuentas no informe nº 1182 de fiscalización da xestión recadatoria en concellos con poboación comprendida entre 5000 e 100.000 habitantes das comunidades autónomas sen órgano de control externo propio, "(...)implica una gestión altamente especializada, que requiere de medios personales adecuados y de procedimientos normalizados en los que se detallan las competencias y responsabilidades de los implicados en su gestión, supervisión y control. Además, exige contar con sistemas informáticos específicamente diseñados al objeto de garantizar la automatización de los procedimientos y de sistemas que aseguren la salvaguarda de lo recaudado, en aras de lograr una mayor eficiencia y eficacia y su adecuado control.(...)"

En todo caso, e sen perxuízo da posibilidade de avaliar a modalidade de xestión que resultaría máis convinte nesta taxa, é obvio que a presentación de relacións trimestrais de debedores en vez de anuais garantirían, en maior medida, a recadación conforme ás disposicións vixentes no tocante á existencia dos recargos do período executivo. A pesar do manifestado, indicar que a empresa pública COSMA empezou a remitir as relacións de debedores trimestrais de modo que, a finais do exercicio 2019, as relacións de debedores do 1º e 2º trimestre de 2019 foron obxecto de providencia de prema. No momento de suscribir a presente memoria, a empresa está a xestionar o cobro, unicamente, de liquidacións de padrón en período voluntario.

#### I.IV. ENTIDADES COLABORADORAS NA RECADACIÓN

No exercicio 2019 mantivéronse as seguintes entidades bancarias que prestan o servizo de colaboración na recadación municipal dende o 2017: Abanca Corporación Bancaria, SA; Banco Pastor, SA ; Banco Sabadell,SA e Caixabank, SA. Non obstante, no último cuatrimestre do exercicio o Banco Santander comunicou a fusión por absorción do Banco Pastor, SA tramitándose pola tesourería a convalidación da autorización concedida a esta última entidade financeira.

A colaboración prestada por estas entidades foi moi positiva, facilitando o cumprimento das súas obrigas tributarias aos contribuíntes.

#### I.V. NOVOS PROCEDIMENTOS DE PAGOS TELEMÁTICOS E ELECTRÓNICOS DOS INGRESOS MUNICIPAIS

Tal e como se expresou anteriormente, dende o 2017, dispónse dunha pasarela de pagos facilitada pola entidade Abanca que permite canalizar pagos das liquidacións emitidas tanto accedendo á propia web local como nas propias dependencias municipais ao dispoñerse dun ordenador con lector de código de barras. O volcado dos cobros efectuados por esta vía no programa de recadación xerouse a través dos cadernos interbancarios (CS60).

O importe dos cobros realizados (segundo a información facilitada pola entidade financeira a esta Tesourería) a través da pasarela de pagos no ano 2019 foi o seguinte:

Nº liquidacións: 2109

Importe cobros: 252.971,26 €

Destacar que, da comparativa co exercicio anterior, prodúcese un incremento no número de liquidacións abonadas polos contribuíntes a través deste medio. A diferenza respecto do exercicio anterior foi de 719, o que supón, en definitiva, o incremento das labores de atención ao público na recadación municipal.

Asemade, e para a recadación da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais, dispónse no pavillón polideportivo de A Gándara dun caixeiro automático recadador que permite efectuar pagos en metálico e con tarxeta de crédito/débito.

O importe dos cobros efectuados no ano 2019 foi o seguinte:

| MEDIO DE PAGO         | IMPORTE/2018      | IMPORTE/2019      |
|-----------------------|-------------------|-------------------|
| TARXETA               | 3.183,70 €        | 3.296,35 €        |
| METÁLICO              | 4.799,65 €        | 5.756,10 €        |
| <b>TOTAL RECADADO</b> | <b>7.983,35 €</b> | <b>9.052,45 €</b> |

No exercicio 2019 non se produciron incidencias salientables no procedemento de recadación por esta vía.





## I.VI. FRACCIONAMENTOS/APRAZAMENTOS DE DÉBEDAS

Durante o exercizo 2018 tramitáronse un total de 14 expedientes de fraccionamento/aprazamento de débedas, resolvéndose favorablemente a concesión de fraccionamento/aprazamento por un total de 30.734,16 €.

A modificación da ordenanza fiscal nº 1 xeral de xestión, recadación e inspección no tocante á normativa aplicable aos aprazamentos e fraccionamentos e, en concreto, o establecemento da obrigatoriedade da domiciliación bancaria facilitou dende o ano 2017 a recadación das débedas fraccionadas e/ou aprazadas. Non se produciron incidencias a destacar no procedemento de recadación das débedas por esta vía.

En todo caso, debe advertirse que o programa de recadación non está a efectuar a anulación das débedas para o caso de que, como consecuencia da concesión do fraccionamento/aprazamento, se traslade o pago ao exercicio seguinte. Esta incidencia foi trasladada aos responsables do programa para a súa mellora e corrección no ano anterior, sen que nin non exercizo 2019 figure solventada.

## I.VII. OUTROS EXPEDIENTES TRAMITADOS POLA RECADACIÓN

No exercizo 2019 tramitáronse pola Tesourería municipal expedientes relativos a:

- EXECUCIÓN DE AVAIS (TES/133/2019). Mediante resolución do concelleiro delegado prestouse aprobación ao informe proposta da tesourería municipal en virtude do cal se requería a Banco Santander, SA (A39000013), en calidad de avalista da empresa "EPAAT, SL", o pago do importe da débeda que actualmente existe en vía executiva polos conceptos avalados derivadas do "APRAZAMENTO DE PAGO DE LICENCIA URBANÍSTICA CORRESPONDIENTE AL EXPTE. N 29/08, ante el CONCELLO DE NARON", e que ascende a 19.740,74 € mediante a execución parcial do aval nº 00246850. O ingreso realizouse o 16.12.2019.  
A dita execución foi aprobada no pasado exercizo aínda que tal actuación debería terse realizado no 2013.
- DERIVACIÓN DE RESPONSABILIDADE. No exercizo 2019, tramitouse un expediente de derivación de responsabilidade solidaria por un importe de 295,74 €.
- COMUNICACIÓN CRÉDITOS SEGUNDO A LEI CONCURSAL. Ao longo do ano 2019, aperturáronse sete expedientes nos que a Tesourería puxo en coñecemento dos administradores concursales a existencia de débedas segundo as previsións do artigo 86.2 da Lei Concursal.

## I.VIII. REFLEXO CONTABLE DA XESTIÓN RECADATORIA NA CONTABILIDADE MUNICIPAL.

O suministro da información relativa á xestión e recadación dos ingresos do Concello (coa excepción da relativa á taxa por recollida de lixo) realízase a través de ficheiros informáticos que se incorporan á contabilidade municipal. Dito proceso informático elimina os riscos que implicaría a contabilización manual das operacións, e permite que a información contable teña consistencia coa información que se manexa no programa de recadación.

No exercizo 2019 comezou a realizarse conciliacións periódicas entre os saldos contables e os que ofrece o programa de recadación aos efectos de depurar as posibles diferencias (Expte. Aupac TES/206/2019).

Actualmente, os saldos de valores pendentes de cobro da recadación coinciden, sustancialmente, cos que arroxa a contabilidade. Non obstante, e tal e como se veu informando periodicamente pola intervención municipal resultaría convinte realizar unha depuración dos saldos contables dos dereitos pendentes de cobro e que afectan, fundamentalmente aos capítulos 4 e 7, e en menor medida ao capítulo 2. Se ben, non corresponde á Tesourería o seguimento e control dos saldos dos capítulos 4 e 7, en relación co capítulo 3 (taxas e outros ingresos), cómpre advertir que ditos saldos non figuran como vivos na recadación. En todo caso, trátase de saldos moi antigos no que cabería aplicar a figura da prescripción.

## I.IX. LIMITACIÓNS DA RECADACIÓN

A aplicación informática Spai Ingresos, a través da cal se realiza a xestión e recadación de boa parte da recadación municipal, non é propiedade do Concello senón da empresa Unit 4 correspondéndolle a ela o desenvolvemento, mantemento e conservación, o que supón que o Concello dependa da mesma para o exercizo da súa función recadatoria. Sendo isto así, esta funcionaria viu demandando novas funcionalidades e correccións en dito programa, algunhas das cales foron atendidas e outras todavía non se desenvolveron (exemplo anulación de liquidacións derivadas da concesión de fraccionamentos/aprazamentos, información a suministrar na conta recadatoria, consideración do IVE como débeda tributaria e aplicación dos recargos do período executivo sobre dito concepto).

## I.X. COMUNICACIÓN E ATENCIÓN AO CONTRIBUINTE: OFICINA VIRTUAL TRIBUTARIA

Cómpre comenza lembrar que conforme ao establecido no artigo 83.1 Lei Xeral Tributaria a atención ao contribuínte constitúe unha obriga xurídica para a Administración pois as actividades de información e asistencia ao contribuínte forman parte da aplicación dos tributos conforme ao artigo antes mencionado. Neste senso, a atención ao contribuínte ten varias modalidades: presencial, telefónica, correo ordinario, correo electrónico e internet.

Se ben na actualidade a atención ao contribuínte nas modalidades presencial, telefónica, correo postal, electrónico se veñen realizando, non é menos certo que o dereito a relacionarse, no ámbito tributario, a través da administración electrónica constitúe un elemento do que o Concello carece. Reitérase a conveniencia de que, o establecemento dunha oficina virtual tributaria resultaría peza capital para dar forma a un dereito da cidadanía a través do que o contribuínte podería materializar consultas e transaccións (domiciliación de recibos, pago de recibos, modificación ou a ampliación de datos personales, xustificantes de recibos pagados, cambio de domicilio, autoliquidacións, etc).

## II. TESOURERÍA

### TESOURERÍA

## II.I. EXECUCIÓN ORZAMENTARIA

### II.I.I. GASTOS

Segundo o informe da interventora á liquidación do orzamento do exercicio 2019, ao longo do exercicio 2019 recoñecéronse obrigas por un importe de 33.282.154,24 €, das que se pagaron o 93,6 % (31.351.752,24 €).

O **período medio global de pago a provedores**, calculado conforme ao Real decreto 635/2014, foi o seguinte:

- Primeiro trimestre: 16,31 días.
- Segundo trimestre: 4,9 días.
- Terceiro trimestre: 49,25 días.
- Cuarto trimestre: 25,28 días.

**Informes de morosidade** Conforme ao establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá a obriga de abonar o precio dentro dos 30 días seguintes á data de aprobación das certificacións de obra ou da aprobación das facturas presentadas ante o rexistro administrativo en tempo e forma. O período de pago a provedores (a efectos de morosidade) foi o seguinte no ano 2019:

- Primeiro trimestre: 49,50 días.
- Segundo trimestre: 41,97 días.
- Terceiro trimestre: 73,24 días.
- Cuarto trimestre: 52,74 días.

Como pode observarse, o período de pago cumpre a 31/12/19. Debe destacarse o impulso realizado por cada un dos departamentos no último trimestre na xestión, tramitación e pago das facturas.

En todo caso, no tocante ao recoñecemento das obrigas, recoméndase que se tramiten as facturas coa axilidade necesaria para posibilitar o cumprimento dos prazos de pagamento previstos na normativa contractual, posto que a mora na efectividade dos pagamentos implica o obrigatoriedade de aboamento dos xuros e indemnizacións previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

**Ordenación de pagos.** En canto á ordenación de pagamentos, cumpriuse durante o exercicio 2019, con carácter xeral, o previsto no artigo 187 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que prevé que a expedición das ordes de pagamento haberán de acomodarse ao plan de disposición de fondos.

Destacar, que con carácter previo á dita ordenación, lévanse a cabo determinadas comprobacións polo personal de Tesourería (e que se materializan nunha dilixencia que se incorpora ao expediente) tales como: verificación de que o acreedor se atope ao corrente das súas obrigas fiscais coa entidade local, existencia de embargos, endosos, presentación de ficha de terceiros, etc.

Por último, inidicar que a Tesourería municipal levou a cabo as fases contables de ordenación de pagos (a fin da súa agrupación por remesas ou relacións de terceiros) e pago material

### II.I.II. INGRESOS

No estado de ingresos, segundo o informe da interventora á liquidación do orzamento, recoñecéronse dereitos durante o exercicio 2019 por un importe de 33.424.605,57 €, dos que se recadaron o 91,70 %, quedando pendente de cobro 2773.109,23 €.

Cómpre destacar as seguintes cuestións:

-En relación ao imposto de construcións, instalacións e obras, taxa licenza urbanística, taxa licenza apertura de establecementos, tributos nos que está previsto o réxime de autoliquidación nas respectivas ordenanzas fiscais, resultaría procedente comezar a tramitar expedientes de comprobación limitada co fin de aflorar a existencia de feitos impositivos non declarados polos contribuíntes o que podería dar lugar á tramitación de eventuais expedientes sancionadores.

-Outro punto a destacar na tramitación dos expedientes liquidatorios do ICIO é o determinado polo previsto no artigo 103 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), que prevé que, unha vez finalizada a construción, instalación ou obra, e tendo en conta o seu custo real e efectivo, o concello, mediante a oportuna comprobación administrativa, modificará, no seu caso, a base impositiva practicando a correspondente liquidación



definitiva e esixindo do suxeito pasivo ou reintegrándolle, no seu caso, a cantidade que corresponda. Non consta que na actualidade se estea a realizar de modo sistemático e xeral a comprobación administrativa do custo real e efectivo das obras realizadas nin se estea a practicar a liquidación definitiva do ICIO con carácter xeral ao conxunto das obras susceptibles de comprobación.

-IVE. Neste exercizo 2020 requeriuse aos responsables da aplicación informática de recadación Spai Ingresos , en canto titulares da mesma, que na recadación en periodo executivo, os recargos de prema se aplicasen tamén sobre o ive. Esta cuestión, detectada neste exercizo, implica que o soporte para o caso de recadación de débedas de dereito público con ive repercutido, unicamente aplica os recargos de prema sobre a base impositiva. Considérase que o ive repercutido forma parte da débeda de dereito público non ingresada, e por tanto, debe computarse para o cálculo do recargo de prema (Sentencia TSJ Andalucía nº 687/2007, de 30 de marzo, consulta Dirección General DE Tributos nº 1442-00 de 10/08/2000).

-Prezo público limpeza e desinfección vehículos de gando.

No informe conxunto da Intervención e Tesourería municipal de 29.06.2017 sobre a forma de cobranza de determinadas taxas e prezos públicos poñíase de manifesto, entre outros que, en relación co prezo público pola utilización do centro de limpeza e desinfección de vehículos de gando na feira do Trece (O.F nº 36), a ordenanza fiscal reguladora dispoñía no seu artigo 6 que as taxas liquidaríanse por cada servizo prestado. Así: "(...)Actualmente, consta a realización de tres ingresos no exercizo 2017 por importe global de 25,58 € que foron cobrados directamente polo personal ( laboral ) que presta servizo nesas dependencias o cal traslada á Caixa municipal os cobros realizados por este concepto grabándose neste momento polo responsable da Caixa unha autoliquidación no programa de xestión de ingreso así como o seu cobro.

*Enténdese que nestos casos, e dacordo coas disposicións da ordenanza fiscal reguladora do prezo público é a administración a que unha vez prestado o servizo xira e notifica a correspondente liquidación ó contribuínte.*

*Obviase, polo tanto, o control do cargo e data ou rendición de contas, a fiscalización dos mesmos, a entrada e saída de fondos nas contas municipais, etc.*

*Polo tanto, entenden estas funcionarias, que non debe continuar o cobro en efectivo deste prezo público, senón a través de entidade bancaria ou Caixa municipal toda vez que o modo de proceder actual está a infrinxir, nun primeiro termo, o réxime de xestión previsto na propia ordenanza fiscal."*

Durante o exercizo 2019 mantívose o procedemento de xestión e recadación antes descrito polo que as consideracións manifestadas no informe a que se fixo referencia deben ser novamente reproducidas.

Cómpre elaborar instrución, circular no que se defina, conforme ao establecido na ordenanza fiscal reguladora, cal debe de ser o procedemento que debe seguirse para a xestión e recadación deste prezo público.

-Considérase oportuno deixar constancia da conveniencia de levar a cabo unha revisión das ordenanzas fiscais co fin de delimitar e configurar, axeitadamente, os modos de xestión das taxas e tributos municipais; e ademais, especificamente, para o caso da ordenanza reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas deberíase levar a cabo unha profunda revisión do sistema tarifario definido na ordenanza toda vez que resulta de difícil aplicación práctica xerando moita confusión e erros.

## II.II.ACTUACIÓNS DA TESOURERÍA PROPIAMENTE DITAS

### II.II.I. CESIÓNS DE CRÉDITOS

Conforme ás Bases de execución do Orzamento corresponde á Tesourería a resolución e toma de razón das cesións de crédito, endosos, factoring. Durante o ano 2019, resolvéronse 13 expedientes desta natureza.

As cesións respecto das que non se manifestou oposición pola Tesourería, foron rexistradas no módulo de cesións de crédito do programa de contabilidade.

### II.II.II. CONFECCIÓN ESTADO DA DÉBEDA MUNICIPAL E ACTUALIZACIÓN CIR LOCAL NA OFICINA VIRTUAL DE COORDINACION FINANCIERA COAS ENTIDADES LOCAIS

Anualmente, elaboráse pola Tesourería municipal o estado da débeda aos efectos da súa incorporación ao orzamento anual. Dito documento recolle a información sobre os capitales vivos, gastos financeiros que ocasionan, amortización ordinaria, saldos vivos a fin do exercizo.

Ademais de poder servir para confeccionar un calendario anual de vencementos, que permita contemplar coa anticipación necesaria reserva de liquidez para facer fronte aos mesmos, é un documento útil que se emprega tamén para a confección da información que se remite a través da Oficina Virtual das Entidades Locais (OVEL) e para a realización da actualización anual da Central de Información de Riesgos (CIR).

### II.II.III. ELABORACIÓN DO ORZAMENTO DE TESOURERÍA, ACTUALIZACIÓN DO MESMO E REMISIÓN INFORMACIÓN OVEL.

A planificación financeira ten un papel moi destacado dentro das funcións da Tesourería, todo elo segundo o art. 196 c) TRLRFL e art. 5 RD 128/2018, 16 de marzo. Polo tanto, é función da Tesourería a formación dos plans de tesourería que cifren as previsións de ingresos e as necesidades de efectivo, optimizando a rendabilidade dos saldos da corporación e que distribúan no tempo as disponibilidades dinerarias para a puntual satisfacción de obrigas, atendendo en todo caso ás prioridades legalmente establecidas.

Dentro das labores propias do posto, a Tesourería elabora anualmente o orzamento de tesourería no que se recollen a posición da tesourería ao comezo do exercicio, as previsións de cobros e pagos (presupuestarios e non presupuestarios) e a estimación da situación ao final do exercicio.

Dito documento permitiu a cumprimentación do estado de tesourería que trimestralmente se remite a través da OVEL dentro das obrigas impostas pola Orden Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenrolan as obrigas de suministro de información previstas na LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostenibilidade Financeira.

#### II.II.IV. CONFECCIÓN DE ARQUEOS

Dentro das funcións encomendadas á Tesourería municipal, e conforme ao establecido nas bases de execución do orzamento, elabóranse por este departamento actas de arqueo mensuais así como as ordinarias e extraordinarias que procedeu realizar en cada caso. Ditas actas de arqueo, van acompañadas, no seu caso, de estado conciliatorio asinado pola Tesourería e Intervención municipal.

Asemade, incorpórase acta de arqueo mensual asinada do caixeiro automático recadador asinada polo responsable.

#### II.II.V. GARANTÍAS DEPOSITADAS NA TESOURERÍA: ARQUEOS, DEPURACIÓNS CONTABLES

A acta de arqueo dos avais depositados na Tesourería a 31.12.2019 reflicte os seguintes datos:

1°. Que a Contabilidade nos conceptos non presupostarios 70.800, 70.801, 70.802 e 70.803 arrojan a 1 de xaneiro de 2019 uns saldos iniciais de 969.773,36 €, 72.988,66 €, 2.012.795,48 € e 12.037,46 € € respectivamente, cun saldo total de **3.067.594,96 €**.

2°. Que durante o exercicio 2019 devolvéronse avais por importe de 346.197,34 €.

3°. Que o importe total a que ascenden os AVAIS constituídos e depositados nesta Tesourería a 31 de decembro de 2019 tras o reconto físico e comprobación material dos mesmos, ascende a **2.992.806,76 €**, dos cales 271.409,14 € se corresponden ao exercicio 2019 e 2.721.397,62 € a exercicios anteriores.

4°. Que o saldo que arroxa a Contabilidade a 31 de decembro de 2019 é de **2.992.806,76 €** (Concepto non presupostario 70.800: 1.002.947,75 € ; concepto 70.801: 72.988,66 €; concepto 70802: 1.904.832,89 € e Concepto 70.803: 12.037,46 €), o que non supón diferenza con respecto ao importe a que ascenden os avais en depósito na Tesourería.

#### II.II.VI. EMBARGOS

Ao longo do exercicio 2019 recibíronse 10 dilixencias de embargo procedentes doutras administracións e órganos xudiciais. Ditas dilixencias foron obxecto de contestación por este departamento procedéndose, no seu caso, á súa anotación no módulo de embargos do aplicativo contable.

Ademais, salientar que o Pleno da Corporación aprobou a proposta de adhesión ao convenio de colaboración AEAT e a FEMP en materia de intercambio de información tributaria e colaboración na xestión recadatoria coas entidades locais e alta no procedemento de embargo de pagos presupostarios (modelo 997). A alta en dito procedemento produciuse no primeiro trimestre do 2020.

### III. PRINCIPALES INDICADORES ECONÓMICOS EN TERMOS DE TESOURERÍA.

#### A) INDICADORES/RATIOS DE CICLOS DE CAIXA

Efectúase o cálculo das seguintes ratios, calculados segundo a información que resulta da liquidación do exercicio 2018.

- a) **PRAZO DE COBRO DE RECURSOS PROPIOS** ( con esta ratio explícase o prazo medio de cobro dos recursos propios, expresado en días)

(Pendientes de recadar ( capítulos 1,2,3 excepto contribucións especiais) /Dereito liquidados (capítulos 1,2,3 excepto contribucións especiais))\*365

$(2034543,33/16784611,66)*365= 44.24$  días

---

- b) **PRAZO DE PAGO DE BENS E SERVIZOS** ( con esta ratio explícase o prazo medio de pago das obrigas por adquisicións de bens e prestación de servizos, expresado en días)

(Pendientes de pagar ( capítulo2)/ Obrigas recoñecidas ( capítulo 2))\*365



$(1229949.59/14214889.59)*365= 31,58$  días

O ciclo de caixa virá expresado pola diferenca entre o prazo de cobro dos recursos propios (44.24 días) e o prazo de pago das obrigas ordinarias (31.58 días), esto é, **12,66 días**.

## B) OUTROS INDICADORES

### a) PERIODO MÍNIMO DE AMORTIZACIÓN DA DÉBEDA

Pasivo esixible ( financiero)/DRN (1-5)-ORN (1-4)

$190819.52/(31661939.62-26943110.12)= 0,40$

### b) ENDEBEDAMENTO SOBRE INGRESOS CORRENTES

Pasivo esixible ( financiero)/DRN(1-5) = **0,06**

### c) SOLVENCIA A CORTO PRAZO

Fondos líquidos +Derechos pendientes de cobro/Obligaciones pendientes de pago

$(13457569.87+6881110.84/4396872.9 = 4,63$

## IV. PROPOSTAS E OBXETIVOS

Á marxe de todas as recomendacións e propostas recollidas nos diferentes apartados desta memoria, dende a Tesourería e para os efectos de lograr un adecuado funcionamento operativo e financeiro que se adecue ás prácticas administrativas e financeiras do noso tempo e entorno, fanse as seguintes propostas e fórmulanse os seguintes obxetivos ( todo elo sen carácter exhaustivo):

- Fomentar e impulsar a formación do personal propio.
- O programa de xestión tributaria e recadación non está adaptado ás esixencias procedimentais recollidas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, especialmente no tocante ao seguimento electrónico dos expedientes en todas as súas fases. Deberíase impulsar a creación dunha oficina virtual tributaria.
- Seguir potenciando o uso da aplicación informática de xestión e recadación para optimizar os niveles de eficiencia nas actuacións do Concello.
- Aprobación de novos modelos normalizados que permitan unha xestión mais eficaz dos procedementos.

**VOTACIÓN E ACORDO.-** A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e en votación ordinaria, aprobou a proposta transcrita.

## 4º.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

V. e pr.

A ALCALDESA-PRESIDENTA



Asdo.- MARIÁN FERREIRO DÍAZ

O SECRETARIO XERAL



Asdo.- ALFONSO DE PRADO FERNÁNDEZ-CANTELI